

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Xohán Ledo, a Luís Seoane do 28/01/1976

Colección:

Data: 28/01/1976

De:

Xohán Ledo;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Destino:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada con firma autógrafa]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Index indecente; Insectario; Artes; Artes visuais; Literatura;

Mencionados:

Domingo García-Sabell; Maruxa Seoane;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Xohán Ledo, a Luís Seoane do 28/01/1976

Vigo, 28 xaneiro 1976

Querido Luis:

Recibin o teu Nadal. Recibin a tua carta. Recibin, chegou hoxe o teu Insectario.

Ben. Por todo elo, téñoche de dar unha ves mais as gracias. Por todo elo, teño unha ves mais que dar conta do meu reconecemento. Como sempre amosas a tua derramada xenerosidade e un aprecio por min que quixera certamente ser merecente.

Fíxose a presentación do Index na librería Arenas da Cruña, foi unha cousa sinxela e mais ben íntima, aínda sobrepasando as posibilidades que ofrecían os meus dibuxos. Garcia Sabell pronunciou unha fermosa disertación chea de atinadas suxerencias estéticas e antropoloxicas baseándose nunha interpretación, moi falagadora pra min, dos dibuxos.

A min o libro gustoume moito cando o vin, e non poido por menos de facerme sentir certo orgullo persoal; pois fixeche cos dibuxos un fermoso libro. Non cheguei a maxinar tal posibilidade, aínda sabendo ben do teu labor como deseñador de libros, aínda conociendo toda esa mañífica obra espaxada en cartafolios de grabados, e dibuxos con seu derradeiro eslabon neste Insectario que agora teño diante. Que fermosa imaxinación, que fermoso traballo, que de suxerencias nises bechos. Mais gracias aínda, non polo galano, senon polo don da tua obra polo agrandamento que nos dá ao espírito, polo espaxamento dos nosos ollos.

Eu quixera que o meu Index poidera levarte un algo de todo iste agradecemento, eu quixera que tivera o poder de falar de admiración con que enxergamos todos a tua obra e que non é doado chegemos a poñer enteira nas palabras. Palabras... palabras... sí, pero en verdade sentementos. E mais nada por hoxe. Gracias.

Unha forte aperta de todos nos pra Maruxa e mais pra tí.

Ricardo

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.